



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais

Materia	Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais			
Código	O02M066V05221			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Humanidades			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Alén González, María Elisa			
Profesorado	Alén González, María Elisa Padín Fabeiro, María Carmen			
Correo-e	alen@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Nesta materia preténdese que os estudantes, en primeiro lugar, coñezan e apliquen as estratexias de innovación educativa básicas a partir do coñecemento da realidade actual dos sistemas educativos, da organización dos centros e do deseño e desenvolvemento do currículo.</p> <p>En segundo lugar, trata de que os estudantes adquiriran coñecementos relativos á investigación educativa e as posibilidades e vías existentes para o seu desenvolvemento no actual sistema de ensino, así como sobre aqueles aspectos relativos ao deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito das ciencias sociais, humanidades.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os estudantes chegarán a comprender de xeito integrado o proceso de ensino-aprendizaxe das ciencias sociais, a xeografía, a historia e o arte, promovendo a interdisciplinariedade e o emprego dos recursos axeitados.	C24 C25 C26 C27
Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e os modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino.	B13 B16 C24 C25 D1 D2 D3

## Contidos

Tema	
<input type="checkbox"/> A función investigadora do docente de Ciencias Sociais	<input type="checkbox"/> Metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativa. <input type="checkbox"/> Proceso de investigación en Ciencias Sociais. Tipos de deseño de investigación. <input type="checkbox"/> Posibilidades das novas tecnoloxías na investigación educativa.
<input type="checkbox"/> Estratexias de innovación na ensinanza das Ciencias Sociais.	<input type="checkbox"/> Estratexias de innovación na ensinanza das Ciencias Sociais.
<input type="checkbox"/> Os programas de autoavaliación e mellora.	<input type="checkbox"/> Modelos de calidade e excelencia educativa.
<input type="checkbox"/> A oferta de formacións institucional nos diferentes niveis educativos.	<input type="checkbox"/> A oferta de formacións institucional nos diferentes niveis educativos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	50	60
Lección maxistral	4	0	4
Resolución de problemas	4	16	20
Resolución de problemas de forma autónoma	8	48	56
Presentación	4	6	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados co programa da materia. AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria (min 80%) AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non Obrigatorio Asistencia: Non Obrigatoria
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor. AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria (min 80%) AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Obrigatorio Asistencia: Non Obrigatoria
Resolución de problemas	Presentacións/Exposicións: Exposición por parte do alumnado de cuestións relativas aos contidos da materia ou dos resultados dun traballo, proxecto, etc., ben sexa de forma individual ou en grupo. AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria (min 80%) AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non Obrigatorio Asistencia: Non Obrigatoria

Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de casos e prácticas na aula relacionadas co programa da materia AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Non Obrigatoria AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non Obrigatorio Asistencia: Non Obrigatoria
---	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Traballos de aula, tutoría en grupo e traballos tutelados
Traballo tutelado	Traballos de aula, tutoría en grupo e traballos tutelados

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula	40	B13 B16	C25 C26 C27	D1 D2 D3
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula	40	B13 B16	C24 C25 C26 C27	D1 D3
Presentación	Presentación/exposición	20		C24	D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de Avaliación Continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

#### AC. En caso de non renunciar á avaliación continua:

Na avaliación continua a nota final será o resultado de:

Realización de varios exercicios/casos prácticos individuais e/ou en grupo durante a asistencia ás sesións prácticas, así como entrega e exposición dun traballo tutelado en cada parte da materia. A ponderación na cualificación final é dun 40% correspondente ás actividades e traballo de cada parte, sendo o 20% restante asignado á exposición.

Para poder acollerse a esta modalidade é preciso ter unha asistencia ás sesións de clase de alomenos o 80%.

É necesario acadar un mínimo dun 4.5 (sobre 10 puntos) no traballo dunha parte, para poder compensa-la nota coa de avaliación continua e superar a materia.

#### AG en primeira oportunidade

Seguirán este proceso os estudantes que non sigan a avaliación continua. Unha vez superado o período dun mes dende o comezo do cuadrimestre o centro habilitará o procedemento e informará aos estudantes do prazo para que os matriculados manifesten formalmente a súa intención de acollerse á modalidade de avaliación global. Neste caso, o exame consistirá nunha proba na que se contestarán preguntas de diversa índole tendo un peso de 100% da cualificación.

#### Convocatoria extraordinaria e fin de carreira:

Emplearanse os sistemas de avaliación continua e global expostos anteriormente, podendo recuperar as competencias non adquiridas na convocatoria ordinaria para o cal mantense a nota das probas/actividades xa superadas.

As cualificacións de todas as probas, parciais ou finais, prácticas e actividades só terán efectos no curso académico no que se propoñan.

#### Consulta e/ou solicitude de titorías:

As docentes teñen oferta de titorías presenciais ou virtuais en horario concertado. Para concertar unha cita pódese facelo dende a Secretaría Virtual en liña.

## Outros:

A plataforma de aula virtual conta con ferramentas para detectar posibles comportamentos anómalos e deshonestos, así como para detectar posibles plaxios en traballos escritos. No caso de detección de plaxio nalgunha proba/traballo/test/exame/actividade a cualificación final da materia será Suspenso (0) e o feito será comunicado ao Decanato do Centro para que adopte as medidas oportunas en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudiante Universitario que establece o deber de "Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade".

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

Bisquerra, R., **Metodología de la investigación educativa**, UNED, 2004

Carrasco, J. y Calderero, J., **Aprendo a investigar en educación**, Rialp, 2000

Latorre, A., **La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa**, Grao, 2003

Liceras, A., **La investigación sobre formación del profesorado en didáctica de las Ciencias Sociales**, Vol. 8, no.1, 2004

Prats, J., **Hacia una definición de la didáctica de las Ciencias Sociales**, GEU, 2001

Sevillano Gracia, M.L., **Estrategias innovadoras para una enseñanza de calidad**, Pearson, 2004

---

### **Recomendacións**